



Proxecto de decreto de..... polo que se modifica o Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

V. 15.06.2026

O Estatuto de autonomía de Galicia atribúelle á Comunidade Autónoma, nos seus artigos 27º e 28º, a competencia exclusiva en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura, así como a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. No exercicio destas competencias aprobouse a Lei 11/2008 do 11 de decembro, de pesca de Galicia, establecendo no seu artigo 6 que a política da Administración autonómica terá como obxectivos, en relación coa conservación e a xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros, entre outros, o establecemento e a regulación das medidas dirixidas á conservación, á xestión e á explotación responsable, racional e sustentable dos recursos mariños vivos. Ademais, o artigo 7 da dita lei sinala que a Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente na materia e logo da audiencia do sector afectado, poderá adoptar medidas de conservación e xestión da pesca e do marisqueo, a regulación e as características técnicas das artes, aparellos e útiles permitidos, así como o seu modo de emprego para o exercicio da pesca e do marisqueo.

Neste sentido, os cambios derivados da propia evolución do sector pesqueiro e marisqueiro implican a necesidade de modificar e actualizar determinados aspectos do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, no relativo á clasificación e catalogación dos aparellos de anzol en Galicia; ao balizamento das artes, aparellos, útiles ou equipos autorizados; e ao horario de traballo para o marisqueo a pé. Á modificación do Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, no que respecta á supresión do punto 2 do artigo 9. Finalmente, resulta preciso

modificar tamén a Orde do 26 de outubro de 2004 pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que faenen en augas da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente no que respecta á actualización do rexistro da actividade pesqueira.

A necesidade dunha clasificación adecuada do palangre dentro dos aparellos de anzol, a experiencia acumulada e transmitida polos profesionais do sector e pola comunidade científica, a evolución tecnolóxica e a mecanización xurdida ao redor de determinados aparellos de anzol, obrigan a revisar as medidas técnicas que atinxen aos aparellos empregados na Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de establecer unha regulación diferenciada dos distintos tipos de palangre. Diversos informes e estudos técnicos e científicos demostran que o palangre de fondo adopta unhas características técnicas claramente diferentes daqueles palangres destinados á captura de especies que manteñen un hábitat demersal e semipeláxico afastado do fondo mariño, obrigando deste modo a establecer unha clasificación diferenciada. Neste sentido, as últimas medidas adoptadas pola Unión Europea respecto da cualificación xenérica das "artes de pesca de fondo", sumado á evolución e ao perfeccionamento tecnolóxico de determinados palangres que seguen catalogados erroneamente como palangres de fondo, así como á importancia que ten para Galicia o feito de crear unha nova clasificación dentro dos aparellos de anzol, confirman que é necesario introducir unha nova modalidade de aparello de anzol, denominada e identificada como "palangre demersal ou semipeláxico", modificando para iso, os artigos 11, 15, 19, 20, 21 e 22 do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro.

Dende fai décadas a evolución tecnolóxica do deseño dos palangres e as significativas melloras da mecanización a bordo das embarcacións de pesca foron demostrando que os aparellos de anzol utilizados nas pesqueiras de especies bentónicas, demersais e peláxicas, chegaron a consolidar unha clasificación que require ser catalogada en tres grandes grupos de palangres: palangre de superficie, palangre demersal ou semipeláxico, e palangre de fondo. Sen embargo, a normativa autonómica, así como a normativa nacional e comunitaria, tan so ven regulando dous tipos de palangres: palangre de superficie e o palangre de fondo. A importancia do palangre demersal ou semipeláxico, así como da frota que utiliza este aparello, moi relevante desde o punto de vista social e económico en

Galicia, esixe que teña un tratamento autónomo e diferenciado respecto ao palangre de fondo.

O palangre de fondo está formado basicamente dun cabo nai, brazoladas, anzois e lastres, carecendo de flotación ao longo do dito cabo nai, e mantendo unha disposición lineal, paralela e moi próxima ao leito mariño. Para iso, o palangre de fondo vai provisto de lastres que garanten a súa suxeición preto ao fondo mariño. O cabo nai é de multifilamento que lle proporciona unha certa flotabilidade co fin de evitar que quede practicamente tendido ao leito mariño, aínda que, en moitos casos, alcanza estar case pegado á liña de fondo. Este tipo de palangre capturan especies que adoptan hábitats bentónicos, como é o caso do congro.

O palangre demersal ou semipeláxico, comunmente coñecido como "palangre de pedra-bola", ten caracterización completamente distinta. Esta modalidade de palangre leva armados os anzois a unha distancia considerable do fondo mariño, debido a que está destinado á captura da pescada e outras especies demersais e semipeláticas. Polo tanto, esta nova modalidade de aparello de anzol adopta un contacto mínimo co leito mariño a través duns pequenos lastres, configurando así unha estrutura xeométrica en forma de W que o distancian considerablemente do fondo gracias ao equilibrio determinado pola combinación alternativa da pedra-bola.

No que respecta a súa caracterización, o palangre demersal ou semipeláxico soe levar dúas liñas: unha liña superior fixa denominada "retida" de multifilamento, e unha inferior denominada "liña nai" de monofilamento. Os calamentos de inicio e final únense mediante a liña "retida" que actúa como elemento de seguridade en caso de rotura dos palangres. A retida únese ao calamento a unha profundidade de entre 200 a 400 metros aproximadamente, dependendo da profundidade de pesca. A uns 30-50 metros do calamento, á retida únese o primeiro "claro" de palangre. A unidade básica do aparello está formado por unha liña nai, da que colgan sobre uns 90 anzois. Cada "claro" está formado por 5 aparellos consecutivos de palangre. Os extremos dos 5 aparellos únense á retida mediante unha "tira de mosquetón" equipada cun flotador que mantén a flotación do aparello. Na metade de cada aparello colócase unha 'tira de lastre', que leva unha pedra ou cilindro de cemento de 2 a 4 kg de peso que afunde o aparello. Este cabo

normalmente soe ter de 10 a 14 metros de lonxitude co fin de afastar o aparello do fondo. En cada aparello móntanse unha bola e un lastre de forma alternativa para adoptar a dita forma de W. Os elementos de flotación do palangre achegan gran flotabilidade, o que propicia que o aparello quede elevado sobre o fondo mariño. A súa vez, os materiais das liña nai e da liña da retida están formados por cabos de poliestyl ou polietileno, tendo como unha das súas finalidades a de gañar flotabilidade.

A selectividade do palangre demersal ou semipeláxico evita a captura de especies ou tallas non desexadas. Trátase dun aparello de anzol tradicional, sinxelo, económico e de alto rendemento que captura peixes de tamaño comercial, evitando capturas involuntarias e actuando de forma pasiva. A súa principal característica é que tende a capturar peixes de bo tamaño, boa calidade e alto valor comercial. Polo tanto, a súa operatividade está en liña co artigo 4 do Regulamento 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a Política Pesqueira Común, polo que se modifican os Regulamentos (CE) nº 1954/2003 e (CE) nº 1224/2009 do Consello, e se derrogan os Regulamentos (CE) nº 2371/2002 e (CE) nº 639/2004 do Consello e a Decisión 2004/585/CE do Consello, que define a pesca selectiva como "a pesca con métodos ou artes de pesca que teñan por obxecto a captura de organismos por talla o especie durante a operación de pesca, que permitan evitar a captura de exemplares que non se axusten aos obxectivos".

Polo indicado, resulta necesario levar a cabo una regulación específica do palangre demersal ou semipeláxico, o que implica modificar a clasificación dos aparellos de anzol establecidos no Decreto 15/2011 do 28 de xaneiro, así como tamén á regulación do balizamento das artes e aparellos de pesca autorizados que, debido ao tipo de flota actual e á normativa comunitaria, aconsellan revisar o sistema de balizamento, establecendo unhas dimensións mínimas, datos de identificación, tipos de cores e unhas formas xeométricas adecuadas ao tipo de flota existente en Galicia.

Por outro lado, por unha parte, cómpre modificar, por razóns de seguridade, o apartado 5 do artigo 6 do citado decreto, incrementando a potencia das embarcacións auxiliares de acuicultura incluídas na Lista 4º do Rexistro de Buques

Pesqueiros de Galicia, pasando de 50 CV a 100 kW. Por outro lado, é necesario modificar o apartado 5 do artigo 115, referido á dimensión mínima de mallas do boliche ou chinchorro, co fin de autorizar o uso deste arte para a captura de cebo vivo, gardando as mesmas características técnicas que as contempladas na letra a) do artigo 74.

Respecto á modificación do horario de traballo para o marisqueo a pé, hai que ter presente que a actividade de marisqueo de recursos xerais se realiza ao abeiro de plans de xestión ou en zonas de libre marisqueo no marco do Plan Xeral de Explotación Marisqueira, mentres que no caso dos recursos específicos a actividade de marisqueo se realiza sempre ao abeiro de plans de xestión, de conformidade co establecido no artigo 4 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.

No artigo 3.5 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, defínese o plan de xestión de marisqueo como o instrumento que establece un marco plurianual de medidas reguladoras da actividade marisqueira que ten por obxecto desenvolver unha explotación sustentable dos recursos, e que terá en conta aspectos de carácter ambiental, social e económico. Os plans regularán medidas técnicas, horarios, réxime de uso das artes de marisqueo e, de ser o caso, limitacións de capturas, capacidade e esforzo pesqueiro.

O horario do traballo de marisqueo a pé cos útiles autorizados establececese no artigo 147 do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro. O horario de traballo extractivo é unha medida que inflúe directamente no esforzo pesqueiro exercido na explotación dos recursos, polo que a súa optimización é necesaria para un desenvolvemento sustentable e rendible da actividade, así como para permitir un control axeitado da mesma.

No marco dun plan de xestión de recursos marisqueiros o establecemento do horario pode ser flexibilizado, dado o enfoque baseado na coxestión e gobernanza dos recursos marisqueiros entre a administración e o sector.

A optimización dos horarios á actividade extractiva do marisqueo pé implica a eliminación da excepción establecida no artigo 8.3 do Decreto 15/2011, do 28 de

xaneiro, e a revisión e adaptación dos horarios para a extracción de ourizo, navallas e longueiróns, poliquetos e algas.

Así mesmo, mediante a súa disposición derradeira primeira modifícase o Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, coa finalidade de suprimir a incompatibilidade de ser armador e ser titular de concesións e autorizacións administrativas para a explotación de recursos mariños nas zonas marítimas e marítimo-terrestres. Isto é debido a que, o apartado 2 do artigo 9 impide aos armadores de embarcacións ser titulares de concesións ou autorizacións administrativas para a explotación dos recursos mariños nas zonas marítimas ou marítimo-terrestres. Sen embargo, na práctica moitas embarcacións teñen esta titularidade debido ao carácter ganancial que presentan tales títulos como consecuencia do seu réxime económico patrimonial, ou debido a que os adquiriron por sucesión hereditaria, titularidade que lles impide obter ou renovar, segundo o caso, o seu permiso de explotación.

Finalmente, mediante a disposición derradeira segunda, modifícase a Orde do 26 de outubro de 2004 pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que faenen en augas da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente o apartado 8 do artigo 7, no referente á obrigatoriedade das persoas patroas e armadoras das embarcacións do censo de artes menores de actualizar o rexistro da actividade pesqueira, aínda que non teña lugar o cambio de arte, cunha periodicidade de tres meses. A este respecto, vense comprobando que a actualización do rexistro da actividade pesqueira cada tres meses non está aportando unha mellora no desenvolvemento da actividade pesqueira, senón que resulta un trámite administrativo que non xustifica a súa necesidade substancial, polo que se debe deixar sen efecto esta esixencia. Así mesmo, aprovéitase esta modificación para actualizar o artigo 2, o número 3 do artigo 5, e os números 3, 6, 7 e 8 do artigo 7 e o anexo VI da citada orde.

O decreto respecta os principios de boa regulación establecidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, de acordo cos principios de necesidade, proporcionalidade, eficacia e eficiencia, esta norma explica os fins

perseguidos coa súa aprobación, contén a regulación imprescindible para atender a súa finalidade, é o instrumento máis axeitado para garantir a súa consecución, e non impón cargas administrativas á cidadanía. Igualmente, en virtude do principio de seguridade xurídica, a norma garda coherencia co resto do ordenamento xurídico, e, en cumprimento do principio de transparencia, identifícanse con claridade nela os obxectivos que se pretenden acadar e se deu participación á cidadanía e ás entidades representativas do sector no seu proceso de elaboración.

Na elaboración deste decreto observáronse os trámites previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, entre os que cabe destacar a consulta pública previa e a participación da cidadanía, directamente e a través das organizacións interesadas, mediante os trámites de audiencia e publicación no portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia. Así mesmo, foi sometido a informe económico e orzamentario da consellería competente en materia de facenda, a informe de impacto demográfico, a informe de impacto de xénero e a informe da Asesoría Xurídica Xeral.

Na súa virtude, por proposta da conselleira do Mar, de acordo co ditame do Consello Consultivo e logo da deliberación no Consello da Xunta na súa reunión do día ____ de _____ de 2026,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.*

O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, queda modificado como segue:

Un. O número 5 do artigo 6 queda redactado como segue:



"5. A potencia máxima das embarcacións auxiliares de acuicultura incluídas na lista 4ª do Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia que dispoñan de motor foraborda será de 100 kW."

Dous. O número 3 do artigo 8 queda redactado como segue:

"3. Tanto na actividade profesional pesqueira como marisqueira deberá terse en conta que:

a) O orto (saída do sol) e mais o ocaso (posta do sol) determinarán os límites entre os horarios diúrnos e nocturnos.

b) A consellería competente en materia de pesca marítima e marisqueo poderá autorizar pescar en período ordinario de descanso, con ocasión de acontecementos sinalados, logo de petición do sector. Este período deberá ser sempre compensado por outro período de descanso."

Tres. O artigo 11 queda redactado como segue:

"Artigo 11. *Balizamento das artes, aparellos, útiles ou equipos autorizados*

1. O balizamento das artes ou aparellos fixos levarase a cabo, como mínimo, mediante boias de sinalización situadas nos extremos, e serán dunha cor que contraste coa superficie sobre a que figuran, salvo vermellas e verdes, e provistas de reflector radar ou de calquera elemento reflectante. A arte ou aparello deberá ter unha sinalización intermedia, cunha boia das mesmas características, a intervalos de 1 milla náutica a partires de calquera dos seus cabeceiros.

2. As boias, tanto dos cabeceiros como as intermedias, recollerán na súa parte visible a matrícula e folio da embarcación, así como a indicación do tipo de arte ou aparello, que se fará constar mediante iniciais, de acordo coas seguintes abreviaturas:

a) (V): volanta.



- b) (R): rasco.
- c) (P): palangrillo.
- d) (PF): palangre de fondo.
- e) (PD): palangre demersal ou semipeláxico.
- f) (PS): palangre de superficie.
- g) (B) vetas.
- h) (M): miños.
- i) (T): trasmallos.
- j) (N): nasas.
- k) (VA): volantillas.
- l) (VN): volantíns.
- m) (RR): raeiras.
- n) (X): xeito.

3. As boias, tanto dos cabeceiros como as intermedias, quedarán a elección e baixo o criterio da persoa armadora, respectando as seguintes características técnicas:

- a) Boias esféricas: diámetro mínimo de 250 mm.
- b) Boias cilíndricas: diámetro mínimo de 150 mm e unha lonxitude mínima de 250 mm.
- c) Boias poliédricas: dimensións de longo, ancho e alto mínimos de 250x150x150 mm.

4. A embarcación que utilice artes de deriva deberá permanecer unida a un dos extremos do aparello, o outro extremo deberá estar balizado da forma indicada no apartado anterior. En faena nocturna, unicamente se dotará do correspondente reflector radar ou de calquera elemento reflectante ao extremo oposto ao da embarcación."

Catro. O artigo 15 queda redactado como segue:

"Artigo 15. Clasificación

Os aparellos de anzol que se regulan son:



- a) Liña ou cordel.
- b) Palangre de fondo.
- c) Palangre demersal ou semipeláxico.
- d) Palangre de superficie.
- c) Palangrillo."

Cinco. O artigo 19 queda redactado como segue:

"Artigo 19. Descrición

Os palangres poden ser de fondo, demersais ou semipeláxicos, e de superficie, segundo estea a tralla en contacto ou non co leito mariño.

1. Enténdese por palangre de fondo un aparello de anzol, fixo ao fondo mariño e de lonxitude variable, que consta dunha tralla de multifilamento denominada tralla ou cabo nai, ancorada horizontalmente mediante lastres que garanten a suxeición do palangre en contacto e próximo ao leito mariño, e da que parten outros cabos máis finos denominados brazoladas aos cales se empatan os anzois. As especies obxectivo principais son o congro e outras especies que frecuentan hábitats bentónicas.

2. Enténdese por palangre demersal ou semipeláxico un aparello de anzol que consta dun cabo nai de monofilamento, convenientemente provisto de boias e lastres de forma alternativa, configurando unha composición xeométrica en forma de W ou vertical que distancian considerablemente o aparello do fondo mariño debido á flotación incorporada (bola), da que penden brazoladas ás que se empatan os anzois. A combinación pedra-bola permite manter os anzois a profundidades afastadas do fondo mariño mediante as bolas e a tira de lastre, que provista dunha pedra ou cilindro de cemento de dous a catro quilos de peso mantén un contacto mínimo co fondo mariño, separando así o palangre do leito mariño e adoptando unha posición vertical do aparello. Esta modalidade de palangre pode levar unha liña superior de multifilamento denominada "retida" que actúa como elemento de seguridade en caso de rotura dos palangres. A especie obxectivo principal é a pescada.



3. Enténdese por palangre de superficie un aparello de anzol formado por un cabo principal denominado nai, de lonxitude variable, do que penden a intervalos outras chamadas brazoladas, aos que se empatan anzois de distinto tamaño, segundo o recurso pesqueiro ao que se apliquen. Nos extremos e ao longo do cabo nai dispóñense os necesarios elementos de fondeo e flotación para manter o aparello a distintas profundidades pero sempre sen apoiar ou ter contacto algún co fondo mariño.

Seis. O artigo 20 queda redactado como segue:

"Artigo 20. Características técnicas

1. A lonxitude total máxima dos palangres de fondo non poderá exceder dos 7.000 metros de liña madre, e o número máximo de anzois calados non será superior a 2.800; deberase respectar unha distancia mínima entre as brazoladas de 2,50 metros.

2. A lonxitude total máxima dos palangres demersais ou semipeláxicos non poderá exceder dos 7.500 metros de liña madre, e o número máximo de anzois calados non será superior a 3.000; deberase respectar unha distancia mínima entre as brazoladas de 2,50 metros.

3. A lonxitude total máxima dos palangres de superficie non poderá exceder dos 12.000 metros de liña madre, e o número máximo de anzois non será superior a 6.000 para o caso da castañeta. O peixe espada, a quenlla e marraxo ateranse á lonxitude máxima da liña nai e o número máximo de anzois por operación de pesca ou lance que estableza a normativa comunitaria, e segundo o disposto polas diferentes Organizacións Rexionais de Ordenación da Pesca nas que faene cada buque."

Sete. O artigo 21 queda redactado como segue:

"Artigo 21. Réxime de calamento



1. A pesca con palangre en calquera das tres modalidades poderá ser exercida durante todo o ano fóra das rías, segundo o anexo I, salvo nos períodos en que se decreta a veda temporal dalgunha especie ou zona.
2. As embarcacións despachadas para palangre de fondo poderán levar a bordo exclusivamente aparellos de palangre de fondo.
3. As embarcacións despachadas para palangre demersal poderán levar a bordo exclusivamente aparellos de palangre demersal.
4. As embarcacións despachadas para palangre de superficie poderán levar a bordo exclusivamente aparellos de palangre de superficie, podendo conservar a bordo unicamente especies de superficie e peláxicas."

Oito. O artigo 22 queda redactado como segue:

"Artigo 22. Descrición

O palangrillo é un aparello de anzol similar ao palangre demersal ou semipeláxico e do que se diferencia polo seu menor tamaño."

Nove. O apartado 5 do artigo 115 queda redactado como segue:

"5. A dimensión mínima de mallas será igual ou superior a 25 milímetros. Cando a arte de boliche sexa usada para a captura de bolo con destino a cebo vivo, a dimensión mínima de mallas será igual ou superior a 10 milímetros."

Dez. O artigo 147 queda redactado como segue:

"Artigo 147. Horario

1. O horario de traballo de marisqueo a pé no marco dun plan de xestión estará comprendido entre as 6:00 e as 18:00 horas e terá como máximo



unha duración de 5 horas ininterrompidas. Este horario deberá concretarse nas solicitudes para o desenvolvemento da actividade extractiva polas entidades titulares do plan e reflectirase nas correspondentes resolucións de apertura.

2. O horario de traballo de marisqueo a pé para as zonas de libre marisqueo será desde dúas horas e media antes ata dúas horas e media despois da baixamar diúrna, tendo como tope as 18.00 horas.”

Once. O número 3 do artigo 160 queda redactado como segue:

”3. O horario de traballo para a extracción a pé será o mesmo que o establecido para o uso de útiles de marisqueo a pé establecidos no artigo 147.2.”

Doce. O número 3 do artigo 161 queda redactado como segue:

”3. O horario de traballo para a extracción poderá ser o mesmo que o autorizado para o uso de útiles de marisqueo a pé establecido no artigo 147.1 ou ben desde as 8.00 ata as 14.00 horas, de luns a venres en días laborais. A elección do horario estará indicada nos plans de xestión correspondentes.”

Trece. O número 4 do artigo 162 queda redactado como segue:

”4. O horario de traballo para a extracción de poliquetos poderá ser o mesmo que o autorizado para o uso de útiles de marisqueo a pé establecidos no artigo 147.1 ou ben desde as 8.00 ata as 14.00 horas, de luns a venres en días laborais. A elección do horario estará indicada nos plans de xestión correspondentes.”

Catorce. O número 4 do artigo 163 queda redactado como segue:



"4. O horario de traballo para a recollida de algas poderá ser o mesmo que o autorizado para uso de útiles de marisqueo a pé establecido no artigo 147.2 ou ben desde as 8.00 ata as 14.00 horas, de luns a venres en días

laborais. A elección do horario estará indicada nos plans de xestión correspondentes."

Disposición transitoria única. *Modificación do palangre demersal ou semipeláxico*

1. En tanto non se aprobe a normativa de desenvolvemento do palangre demersal ou semipeláxico, todas aquelas embarcacións do censo de palangre de fondo que teñan a modalidade de palangre de fondo no seu permiso de explotación para exercer a actividade extractiva en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia poderán utilizar a modalidade de palangre demersal ou semipeláxico, debendo nese caso despachar na alternancia de artes para esa modalidade e levar a bordo exclusivamente aparellos de palangre demersal.
2. Non obstante, os propietarios das embarcacións do censo de artes menores con porto base en Galicia poderán solicitar no permiso de explotación a modalidade de palangre demersal ou semipeláxico nos seguintes casos:
 - a) Nos supostos de transmisión do permiso de explotación conforme ao establecido no artigo 4 da Orde do 26 de outubro de 2004 pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que faenen en augas da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - b) Nos casos de traslado do permiso de explotación a unha embarcación de nova construción de acordo co disposto no artigo 3 da Orde do 26 de outubro de 2004 pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que faenen en augas da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - c) Nos supostos de expedición do permiso de explotación para unha embarcación.

3. A modalidade de palangre demersal ou semipeláxico poderá solicitarse no procedemento de cambio temporal de modalidade regulado no artigo 2 ter da

Orde do 26 de outubro de 2004 pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que faenan en augas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de rango igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira.*

Suprímese o número 2 do artigo 9 do Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Orde do 26 de outubro de 2004 pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que faenan en augas da Comunidade Autónoma de Galicia.*

A Orde do 26 de outubro de 2004 pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que faenan en augas da Comunidade Autónoma de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O artigo 2 queda redactado como segue:

“1. Todas as embarcacións en Galicia poderán dispor dun número máximo de 5 artes de pesca no seu permiso de explotación.



2. Aquelas artes que no seu momento se declaren a extinguir ou non selectivas non poderán ser obxecto de elección para a súa inclusión no permiso de explotación”.

Dous. O número 3 do artigo 5 queda redactado como segue:

”3. Estará igualmente prohibido ter a bordo máis pezas de aparello das permitidas, así como artes non reguladas ou con mallas e medidas que non sexan regulamentarias”.

Tres. Os números 3 e 6 do artigo 7 quedan redactados como segue:

”3. Os rexistros da actividade pesqueira deberán ser realizados directamente polo/a patrón/patroa ou armador/a da embarcación ou ben por medio da confraría de pescadores ou da entidade asociativa do sector a través da aplicación informática da consellería con competencias en materia de pesca e marisqueo.

6. Nos casos establecidos no artigo 5.4, poderá levarse a cabo a anulación do rexistro antes das 10.00 horas da mañá. As anulacións deberán ser comunicadas á dirección xeral con competencias en materia de pesca. Tamén se poderá anular o rexistro dunha arte calquera antes da data da súa entrada en vigor”.

Catro. Suprímense os números 7 e 8 do artigo 7.

Cinco. O anexo VI queda redactado como segue:

”ANEXO VI

Permiso de explotación para embarcación

Nº de permiso:

Validez:

-Datos do armador:



Nome e apelidos:

DNI/NIF:

-Datos do buque:

Nome:

Matrícula:

Folio:

-Características:

TRB:

Eslora total:

GT:

Potencia:

-Artes de pesca:

-Zonas de pesca:

-Nº de tripulantes (máximo permitido pola lexislación vixente):

Todas as artes e zonas de pesca axustaranse ao disposto na normativa vixente.

O/A director/a territorial

Porto base:"

Disposición derradeira terceira. *Orde modificada polo presente decreto*

As previsións da orde que é obxecto de modificación polo presente decreto poderán ser modificadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de pesca marítima e marisqueo.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento regulamentario*



Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de pesca marítima e marisqueo para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor*

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,

Alfonso Rueda Valenzuela

Presidente

Marta Villaverde Acuña

Conselleira do Mar